



As defuntas teñen dengue, mantelo, saia

As horas de María · Paco Souto · Espiral Maior, 2007 · 60 páx. · 14 euros

O nome de Paco Souto vai cabo da experiencia comunal que nos noventa foron os recitais nos bares, as carpetas de Edicións do Dragón que axudou a tirar e que nos descubriron os primeiros versos de Olga Novo, os libros pequenos de Letras de Cal. Aquilo que chamamos poesía dos noventa e que hoxe estamos á espera de ter como denominar –se for preciso así– cando lemos o seu último libro, merecente do Premio de poesía Johan Carballeira 2006. Porque *As horas de María* dá unha fermosa carpeta do Dragón, pero a voz é xa outra, porque o intimismo de *Fado* (1998) que establecía pontes coa poética hexemónica dos 80, xa con matices en *Crebar cristais coa lingua* (2003), fixose aquí memoria e Europa campesiña que leva dentro dicíndoo. As avoas, aquelas que gastan mandil, sempre se chamaron María e tiveron por seus lingua e recordo. E polas súas horas decorren os oficios, a emigración, o racionamento, as herbas do san Xoán, o maquis.

A María as horas pásanlle no fío de nacer amortallada, traballar, ler, parir, ter mil anos e morrer. Mais neste fío que é cronolóxico tecen nós que nos desvían os poemas manuscritos que se intercalan, case a modo de ilustracións. Porque este é un libro que evidencia a súa condición de artefacto, que nos obriga a asistir ao proceso de escrita, con borranchos e frechas. E se nos leva a curiosidade temos que procurar a versión en letra Times para coñecermos os acordos últimos do autor, para vermos que, ao seren as horas de María memoria, esta refuga a orde do tempo.


E así por exemplo “Lavadora” e “As lavadeiras” compoñen unha dobre páxina de momentos

que se fan simultáneos e que explican a desconfianza de María cara a un electrodoméstico misterioso, queremos ler que sen nostalgia. Porque o receo cara á voz do teléfono, ou a rabia contra o polígono industrial (“esa fábrica de matar a froita”) na leira que fora súa, precisa como contrapunto que ela mesma discuta as novas do parte, así sexa con inxenuidade. Porque á fin Paco Souto é a mesma persoa que fixo un día os debuxos que acompañan a edición das *Tortillas para os obreiros* de Fran Alonso.

Sen haber unha estrema nidia entre un e outro plano, parece que é nos poemas virados cara a o andar do tempo histórico onde se pretende non desviar o camiño, e así está primeiro a guerra de África en “En toda parte é primavera...”, a seguir a República en “14 de abril de 1931”, o político de antes do Estatuto en “Castelao en Lira”, a guerra en “O parte 36” e a resistencia en “Fuxidos”, onde “Na artesa clandestina dos valados / as mulleres agochan balas e pan”. E a canda eles vai a serie “Requisa”, “Fielato” e “Extraperlo”, aviso da contundencia da usura.

E non damos lido estas horas sen que se nos xunten con Angueira e o liño de María n’O *Valo de Manselle*, coas mallas, coa auga quente de maio e co fiúncho de Olga Novo onde está “María dos mil anos / apañando as patacas / de entre o sangue”. Con María Mariño se “no seu van alegre florece primaveras”. Cunha certa incorporación da Chus Pato que vai dalgúns poemas de Fascínio a outros d’A *ponte das poldras*: “Á espera / Mulleres paxe de grelos / Mulleres balde de peixe / Mulleres cesto de ovos / Mulleres manteiga e leite”, nese poema que remata apuntando cara á plusvalía con “Todos os días perdemos cartos”.

// Ana Salgado




As avoas,
aquelas que
gastan mandil,
sempre
se chamaron
María e tiveron
por seus lingua
e recordo.
E polas súas
horas decorren
os oficios,
a emigración, o
racionamento, o
San Xoán,
os maquis.

Fadamorgana está de novo entre nós

Fadamorgana 11 · Xosé A. Neira Cruz (director) · Atlántica de Comunicación e Información SA, 2007 · 92 páx. · 5 euros

Co engado da fermosa capa por diante, ilustrada por Noemí López, volta ás librerías Fadamorgana, a revista de literatura infantil e xuvenil que dirixe o escritor e profesor universitario Xosé A. Neira Cruz. Este número once da publicación, que mantén o tamaño e o deseño habituais, ábrese cunha entrevista á escritora, editora e tradutora argentina Graciela Montes, posuidora dunha ampla e cuidada bibliografía. A galega Marilar Aleixandre, a primeira autora que conseguiu o Premio da Crítica cunha obra de literatura infantoxuvenil, ocupa as seguintes páxinas. Amais da entrevista, a cargo do propio Neira Cruz, a revista achega tamén unha interesante aproximación á poética da autora de Herbalúa (2006) asinada por Isabel Soto. A continuación, e baixo o epígrafe “LIX que ule a mar”, o tema central da capa, reúnen



unha presada de textos de Helena Villar Janeiro, Rosa Aneiros, Antonio Reigosa, Miguel Vázquez Freire, Pilar Sampedro, Xosé Cobas, Ánxela Gracián e Gustavo Puerta. Ilustrados en cores, novamente, por Noemí López, ventan na presenza do mar, dos mares, na LIX galega. Por último, antes de que os adiantos informativos e un texto de creación de An Alfaya pechen este regreso de Fadamorgana, o equipo de críticos da revista achega os títulos máis interesantes da última tempada, tanto no sistema literario galego coma nas literaturas de lingua castelá, portuguesa, éuscara, catalá, polaca e francesa. Boa nova a volta, e a volta con azos renovados, dunha publicación de referencia.

// P.T.

Literatura urxente

Madia leva! · Antón Grande, ilustrado por Quique Bordell · Alvarellos Editora, 2007 · 135 páx. · 13,90 euros

Trinta relatos urbanos, trinta contos brevísimos, a arrandar entre o minirelato e o microrelato, que fan do miúdo un mundo. Dende as tabernas de Lugo até os ceos imposíbeis de Nova York, Antón Grande abre ao tráfico



o seu universo persoal nun libro ilustrado por Quique Bordell para Alvarellos.

// P.T.

Lóxicas en transo

Em tránsito · Raquel Miragaia, ilustrado por Mauro Trastoy · Difusora de Letras, Artes e Ideas, 2007 · 100 páx. · 13 euros

Obxecto para ter e ollar demoradamente grazas ás ilustracións de Mauro Trastoy, este *Em tránsito* de Raquel Miragaia amalloya nove historia móbeis, nove persoas desorientadas a se mover a pé, no coche, no



tren, no barco ou metro, personaxes que pairan na procura dunha lóxica que os recolla na súa parada lamacenta.

// P.T.